

RESOLUCION DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DA CORUÑA POLA QUE SE ESTABLECE O CALENDARIO PARA A RENOVACIÓN DOS NOVOS PERMISOS DE EXPLOTACION DE MARISQUEO A PE NA MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL PARA O ANO 2025, CONCEDIDOS NO ANO 2024

1. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.1 Segundo o disposto no artigo 12.1 da Orde de 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, este departamento territorial no exercicio das súas competencias, **acorda establecer o calendario** e lugar de presentación de solicitudes **para a renovación dos permisos de explotación para marisqueo a pé na súa modalidade xeral.**

2. CALENDARIO PARA A RENOVACIÓN:

Para a súa tramitación, as solicitudes deberán ser enviadas aos departamentos indicados a continuación e presentaranse directamente ou a través das entidades asociativas do sector.

Lugar de presentación:

Xefatura Comarcal do Mar de Ribeira

Do 21 de novembro ao 5 de decembro de 2024:

- Confraría de pescadores de Noia.

Lugar de presentación:

Xefatura Comarcal do Mar de Ferrol

Do 21 de novembro ao 5 de decembro de 2024:

- Confraría de pescadores de Mugardos.

3. PARA A RENOVACIÓN DOS PERMISOS DEBERASE PRESENTAR A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

3.1 Modelo ou formulario de solicitude normalizada: ANEXO II da Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación de recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) (anexado á presente resolución e dispoñible na seguinte dirección (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PE401B>)).



Conforme ás Aclaracións do 10 de marzo de 2021 do Servizo de Xestión de Recursos Marisqueiros da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro sobre a presentación de solicitudes relativas aos permisos de explotación a pé de marisqueo xeral e de recursos específicos, neste formulario se marcará:

- A confraría/ entidade de pertenza.
- A modalidade do permiso sobre o que se quere facer o trámite (Marisqueo xeral).
- Na sección do obxecto da solicitude: a actuación concreta que se pretenda realizar (Renovación).

As solicitudes virán acompañadas da documentación xustificativa necesaria en cada caso, e que se detalla ao longo da presente Resolución.

Logo da solicitude, as actuacións posteriores que podan xurdir durante a tramitación do procedemento (*Emenda ao requirimento, achega de documentación separada, alegacións, etc.*) presentaranse tamén de xeito electrónico a través das accións asociadas a solicitude inicial, accedendo na SEDE a "A miña sede", localizando a solicitude e seleccionando en "Accións" a actuación a realizar.

Cando a persoa solicitante actúe designando a unha persoa representante para a tramitación do procedemento achegarase o formulario normalizado correspondente de representación (Dispoñible en <https://sede.xunta.gal/ficheiros/modelos-normalizados/Representacion-G.pdf>), que deberá asinarse pola persoa representante e pola persoa outorgante da representación.

En todo caso, aínda que outra persoa física ou xurídica actúe como representante, tanto na solicitude como nas accións posteriores, a persoa que debe figurar como solicitante nas presentacións é a titular do permiso.

3.2 Xustificante de abono da taxa correspondente, agás no caso de que o pagamento se realizase de xeito telemático.

3.3 Informe de vida laboral con data do mes da solicitude. Non será necesario presentar esta documentación no caso de consentimento expreso da persoa interesada para que esta consellería consulte estes datos.

3.4 Certificado da Seguridade Social de non ser perceptor de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. Non será necesario presentar esta documentación no caso de consentimento expreso da persoa interesada para que esta consellería consulte estes datos.

3.5 O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a **obligatoriedade para os traballadores autónomos de relacionarse a través de medios electrónicos** no ámbito do sector público autonómico.



Así, as solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para a presentación das solicitudes será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico (DNle) ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do departamento territorial, xefaturas comarcais correspondentes e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén deberá estar exposta nos taboleiros de anuncios de ditas entidades asociativas, durante o prazo de presentación de solicitudes.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un (1) mes, contado desde o día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 e seguintes da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A directora territorial
M^a José Cancelo Baquero

